



ACTA DA MESA DE CONTRATACION PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN ESPECIAL DO CONXUNTO HISTÓRICO DE TUI (PEPCHA).

Na Casa Consistorial do Concello de Tui, na Sala de Concelleiros, e ás 9,15 horas do día 4 de marzo de 2011, reúnese a correspondente **MESA DE CONTRATACION**, presidida por D. Antonio Feliciano Fernández Rocha, alcalde-presidente., actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello D^a Irene Suárez López, D. Alberto Castrillo Escobar, Xefe de Servizo de Urbanismo de Pontevedra, en representación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura; o concelleiro de AT, D. Miguel Capón Rey e a concelleira do BNG D^a M^a Carmen Verde Diego, por delegación do titular D. Laureano Alonso Alvarez. Non asiste ningún representante do grupo municipal TUI nin do PSG-PSOE.

Asiste como secretaria da Mesa a funcionaria D^a María Jesús Blanco Martínez.

1º.- POSTA EN COÑECEMENTO DO INFORME EMITIDO POLO ARQUITECTO MUNICIPAL Á DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA PRESENTADA POLAS EMPRESAS REQUIRIDAS.- Pola Secretaria da Mesa dase lectura do informe emitido, que se transcribe literalmente:

"JAVIER ANTOÑÓN CLEMENTE, arquitecto municipal do Concello de Tui, a petición do Sr. Alcalde, para que emita informe ó que fai referencia a cláusula 14^a do prego de cláusulas administrativas, de conformidade co acordado pola Mesa de Contratación o día 3 de febreiro de 2011, e unha vez que polas empresas "OTEA Planes y Proyectos, S.L.P.", "Oficina de Arquitectura, Urbanismo y Planificación, S.L.P." e "PROES consultores, S.A." se presentou a documentación xustificativa, e ante a urxencia coa que se me solicita, estimo e emito o seguinte

INFORME

ANTECEDENTES:

"Unha vez lidas as propostas presentadas por cada un dos licitadores, os membros da mesa de contratación expresan as súas dúbidas en relación á posible existencia de ofertas anormais ou con carácter desproporcionado. A cláusula 14^o do prego de condicións administrativas dispón, polo que se refire ás ofertas anormais ou con carácter desproporcionado o seguinte:

(...) O carácter desproporcionado ou anormal das ofertas será analizado á vista dos informes que, sobre este extremo, podan emitir os técnicos municipais, sexan propios ou contratados ó efecto.

Antes da emisión deste informe, solicitarase á empresa ofertante a xustificación da viabilidade da súa proposta, xustificación sobre a que, así mesmo se pronunciará o técnico ó servizo do Concello.

Para determinar o carácter temerario da oferta atenderase especialmente á posibilidade técnica de execución da melloras ofertadas no prazo que se fixe na oferta e/ ou co financiamento do que así mesmo se propón, acudindo para elo ós cálculos de custes tradicionais e de mercado e ás explicacións que poda dar o licitador incurso en esta presunción.

A oferta será declarada como incurso en presunción de temeridade cando o custe das variantes supoña a imposibilidade de obter beneficio de algún tipo coa execución do contrato, salvo nos casos nos que así se xustifique adecuadamente polo licitador e se acepte á vista do informe técnico.

A dita cláusula deberá completarse co recollido no artigo 136, apartado 3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, que dispón "(...)3.- Cuando se identifique una proposición que pueda ser considerada desproporcionada o anormal, deberá darse audiencia al licitador que la haya presentado para que justifique la valoración de la oferta y precise las condiciones de la misma, en particular en lo que se refiere al ahorro que permita el procedimiento de ejecución del contrato, las soluciones técnicas adoptadas y las condiciones excepcionalmente favorables de que disponga para ejecutar la prestación, la originalidad de las prestaciones propuestas, el respeto de las disposiciones relativas a la protección del empleo y las condiciones de trabajo vigentes en el lugar que se vaya a realizar la prestación, o la posible obtención de una ayuda de Estado. En el procedimiento deberá solicitarse el asesoramiento técnico del servicio correspondiente".

*Á vista do anterior e co obxecto de determinar se algunha das ofertas presentadas poidese ser desproporcionada ou anormal, e tendo en conta a regulación establecida ó efecto nos artigos máis arriba transcritos, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:***

PRIMEIRO.- Solicitar ós seguintes licitadores xustificación da viabilidade da proposta presentada no tocante á viabilidade do prazo ofertado para a elaboración do documento de aprobación inicial:

- OTEA Planes y Proyectos, S.L.P., (...)

- Oficina de Arquitectura, Urbanismo y Planificación, S.L.P. (...)

SEGUNDO.- Solicitar ó seguinte licitador xustificación da viabilidade da proposta presentada no tocante á baixa no prezo ofertado, así como no tocante á viabilidade do prazo ofertado para a elaboración do documento de aprobación inicial:

CONSIDERACIÓN XERAIS:

1. Con referencia aos **prezos ofertados**, o disposto na propia cláusula 14ª di que *"a oferta será declarada como incurso en presunción de temeridade cando o custe das variantes supoña a imposibilidade de obter beneficio de algún tipo coa execución do contrato"*, polo que non se refire exclusivamente ao beneficio económico, se non de calquera tipo, como pode ser a de engadir experiencia neste tipo de actuacións para futuros concursos nos que se valore a experiencia, polo que a propia adxudicación en si mesma xa é un beneficio.
2. Con referencia aos **prazos ofertados**, tanto pola empresa OTEA Planes y Proyectos, S.L.P. como pola empresa Oficina de Arquitectura , Urbanismo y Planificación, S.L.P. xustifícase ao meu entender os prazos e o persoal adicado a cada unha das tarefas programadas, mentres que a empresa PROES consultores, S.A. limitase na xustificación achegada a destinar dúas persoas para a elaboración da información urbanística durante 2'5 meses e outras dúas persoas para a elaboración do documento de aprobación inicial durante 1 mes, sen especificar mais persoal adicado a estes traballos polo que ao meu xuízo non serían suficientes para a elaboración do traballo a executar no tempo ofertado.

CONCLUSIÓN E PROPOSTA:

1. Enténdese que todas as empresas obterían beneficios dalgún tipo coa execución deste contrato, aínda que este non fose económico, cumprindo coa cláusula 14ª das bases.
2. A xuízo deste técnico, a empresa PROES consultores, S.A. non xustifica suficientemente co persoal asignado a realización das tarefas necesarias para a elaboración do documento de aprobación inicial no prazo ofertado.

O presente informe ten carácter exclusivamente técnico e redáctase de forma independente a expensas de calquera outro mellor fundamentado e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para ó axuste á legalidade vixente da actuación pretendida.

Tui, 21 de febreiro de 2011.
O arquitecto municipal"

Á vista do indicado polo técnico municipal no seu informe, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda non admitir a proposta presentada -Sobre B- pola empresa PROES consultores, S.A., polos motivos expostos no informe técnico transcrito e considerando a proposta desproporcionada ou anormal dado que na documentación xustificativa presentada non se acredita suficientemente que o documento para aprobación inicial sexa susceptible de ser realizado no prazo ofertado.

2º.- PUNTUACIÓNS FINAIS DO PROCEDIMENTO E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN- Se procede á transcripción das puntuacións obtidas polas empresas na apertura do Sobre C, segundo acta Mesa de Contratación de 27 de xaneiro 2011:

DENOMINACIÓN EMPRESA	Puntuación total sobre C
ARQUITECTURA Y GESTION AdC ARQUITECTOS, S.L.P	19,20 puntos.
OFICINA DE ARQUITECTURA, URBANISMO Y PLANIFICACION, S.LP	33,72 puntos.
HABITAT 6, S.L.	28,00 puntos.
IDOM	36,90 puntos.
UTE PROYESTEGAL - DVEGA ARQUITECTURA	32,41 puntos.
PROES	30,24 puntos.
TAULA	28,72 puntos.
OTEA PLANES Y PROYECTOS	29,72 puntos.



En base á proposta presentada no sobre B na apertura celebrada o pasado 3 de febreiro 2011, e aplicando as fórmulas que establece o prego de cláusulas administrativas na cláusula 9ª, as puntuacións son:

DENOMINACIÓN EMPRESA	PROPOSICION ECONOMICA	(ATA 30 PUNTOS)	REDUCCION PRAZO DE ENTREGA APROX. IN.	(ATA 30 PUNTOS)	TOTAL
ARQUITECTURA Y GESTION A AdC ARQUITECTOS, S.L.P	158.753,00	18,41	8 meses	9,99	28,40
OFICINA DE ARQUITECTURA, URBANISMO Y PLANIFICACION, S.LP	161.016,95	16,96	6 meses	30	46,96
HABITAT 6, S.L.	165.074,58	14,37	9 meses	0	14,37
IDOM	165.055,8	14,38	Non presenta	0	14,38
UTE PROYESTEGAL - DVEGA ARQUITECTURA	166.950,43	13,18	7 meses	19,99	33,17
PROES	130.000,00	Non se admite	4 meses	Non se admite	Non se admite
TAULA	155.695,34	20,36	8 meses	9,99	30,35
OTEA PLANES Y PROYECTOS	140.600,00	30	6 meses	30	60

De seguido se procede ó cálculo total das puntuacións obtidas por cada empresa no concurso, que son:

DENOMINACIÓN EMPRESA	PUNTUACION TOTAL SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE "B "	TOTAL
ARQUITECTURA Y GESTION AdC ARQUITECTOS, S.L.P	19,20 puntos.	28,4 puntos	47,6 puntos.
OFICINA DE ARQUITECTURA, URBANISMO Y PLANIFICACION, S.LP	33,72 puntos.	46,96 puntos	80,68 puntos
HABITAT 6, S.L.	28,00 puntos.	14,37 puntos	42,37 puntos
IDOM	36,90 puntos.	14,38 puntos	51,28 puntos
UTE PROYESTEGAL - DVEGA ARQUITECTURA	32,41 puntos.	33,17 puntos	65,58 puntos.

PROES	30,24 puntos.	0	30,24 puntos.
TAULA	28,72 puntos.	30,35 puntos	59,07 puntos.
OTEA PLANES Y PROYECTOS	29,72 puntos.	60 puntos.	89,72 puntos.

Á vista das puntuacións obtidas polas empresas licitantes, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda propoñer á empresa "**OTEA PLANES Y PROYECTOS, S.L.P.**", CIF B27356021, con enderezo en Praza Comandante Manso nº 1-1º., cp 27001 Lugo, como adxudicatario do contrato, por ser a proposta máis vantaxosa, que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 135.2 da Lei 34/2010, de 5 de agosto, de modificación da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O PRESIDENTE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Antonio F. Fernández Rocha

Asdo. Mª Jesús Blanco Martínez.

VOGAIS:

O INTERVENTOR DO CONCELLO

A SECRETARIA DO CONCELLO

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: Irene Suárez López.

XEFE DO SERVIZO DE URBANISMO
DE PONTEVEDRA.

O CONCELLEIRO DE A.T.

Asdo: Alberto Castrillo Escobar

Asdo: Miguel A. Capón Rey

A CONCELLEIRA DO BNG

Asdo: Mª Carmen Verde Diego



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

